ASINADO POR: TECNICA DE XESTION - (RUTH MARIA GALLEGO SANTOS) 21/11/2022 12:03:16 | XEFE ÁREA INVERSIÓNS - (JOSÉ ÁNGEL OTERO LAMAS) 21/11/2022 14:37:15

EXPEDIENTE: 1.333/441.

ASUNTO: CONTRATO MAIOR DE OBRAS DO PROXECTO DE "MELLORA E REFORZO DO FIRME EXISTENTE NO CAMIÑO VALADA (VALADARES)"

INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN DAS OFERTAS ECONÓMICAS (SOBRE "C") .

Con data 4 de novembro de 2022, a Mesa de Contratación remitiu á Area de Fomento para informe e valoración, as ofertas económicas presentadas polos licitadores no sobre "C", para a súa valoración de acordo cos criterios establecidos no apartado 7.B das FEC.

Os datos económicos da apertura das ofertas aceptadas se recollen na "táboa01", anexa a este informe.

a.- VALORACIÓN PARA A DETERMINACIÓN DE OFERTAS ANORMAIS OU DESPROPORCIONADAS:

De acordo co informe técnico de data 7 de novembro de 2022, a Mesa de Contratación de data 10de novembro de 2022, aprobou a presunción de ofertas anormais ou desproporcionadas, para a oferta presentada pola mercantil CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) por superar coa súa oferta o valor establecido de presunción de temeridade co indicado no punto 4 do artigo 85 do RXLCAP, que é de 64.133,44 €.

Na mesma data a Mesa de Contratación procede a notificar á citada empresa, dándolles un prazo de tres días para presentar alegacións e a documentación que consideren oportuno para xustificar a valoración da oferta en presunción de oferta con valores anormais ou desproporcionados.

O prazo para a presentación da devandita documentación establece como último día o 15 de novembro de 2022, e dentro deste prazo a mercantil CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) presentou a documentación xustificativa sobre a condición de oferta con valores anormais ou desproporcionados.

Con data 16 de novembro de 2022, por parte do a Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e coa conformidade do Xefe da Área de Investimentos, procedese a asinar o informe correspondente a avaliación da xustificación presentada pola mercantil CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), de acordo coas seguintes observacións e conclusións:

"En relación coa documentación aportada pola empresa, procede informar o seguinte:

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/11/2022 14:40	Páxina 1 de 4
1333-441	CSV: A2A8B6-5424C4-5C5F3C-MADF64-VYQ21Y-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

No punto referente a "Man de obra" a empresa expón que conta con man de obra propia e altamente cualificada e especializada, así como unha alta experiencia da empresa neste tipo de obras.

Sen embargo o licitador non xustifica estes custes de man de obra reais mediante achega de documentación que permita comprobar que se corresponden cos imputados (certificados de cotización, nóminas ou similar), nin expón xustificación da experiencia indicada.

No punto referente a "maquinaría" o licitador expón que dispón de maquinaria, medios auxiliares e instalacións propios. Indica que encóntranse amortizados, e isto permítenlle reducir os custes aplicados á presente obra.

Pero non presenta listado de maquinaria valorado nin estudo de custes. Asemade non aporta documentación acreditativa da propiedade destas (xustificantes de compra, amortizacións,..etc)

No referente o punto: "Materiais". Indica que recibe dos seus provedores prezos competitivos para os materiais básicos.

Sen embargo non xustifica adecuadamente este punto, por exemplo algunha das cartas de compromisos non están firmadas polos proveedores.

Sendo o indicado circunstancias relevantes para a valoración das obras a executar, enténdese que a documentación presentada pola empresa non xustifica as ofertas económicas realizadas.

CONCLUSIÓNS:

Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artígo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato.

Dáselle traslado do presente informe á Mesa de contratación, para que a vista das indicacións recollidas propoña aceptación ou rechazo para cada unha das presentes ofertas, como consecuencia da inclusión en presunción de anormal ou desproporcionada."

b.- VALORACIÓN DAS OFERTAS DE ACORDO COS CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FORMULA:

De acordo co contido do PCAP que rexe o presente procedemento de contratación, os criterios avaliables mediante formula, se atopan definidos no apartado 7.B das FEC, e correspóndense cos seguintes:

B) CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:

1. Redución do prezo do contrato: as ofertas ordenaranse por orde ascendente resultando adxudicataria a que oferte o prezo máis baixo.

ASINADO POR: TECNICA DE XESTION - (RUTH MARIA GALLEGO SANTOS) 21/11/2022 12:03:16 | XEFE ÁREA INVERSIÓNS - (JOSÉ ÁNGEL OTERO LAMAS) 21/11/2022 14:37:15
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/11/2022 14:40	Páxina 2 de 4
1333-441	CSV: A2A8B6-5424C4-5C5F3C-MADF64-VYQ21Y-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ASINADO POR: TECNICA DE XESTION - (RUTH MARIA GALLEGO SANTOS) 21/11/2022 12:03:16 | XEFE ÁREA INVERSIÓNS - (JOSÉ ÁNGEL OTERO LAMAS) 21/11/2022 14:37:15

C.- cálculos de aplicación das formulas para as ofertas das empresas admitidas:

De acordo co criterio establecido no apartado 7.B das FEC, procede indicar a seguinte tabla:

Resume das ofertas presentadas:

		VALORACIÓN DA OFERTA ECONÓMICA		
	Empresas que licitan	**Aceptada/Rechazada**	**Baixa ofertada**	**Baixa en %**
1	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS S.L.	ACEPTADA	5.711,48 €	7,24
2	COVSA	Desproporcionada		
3	CONSTRUCCIONES FECHI	ACEPTADA	6.705,47 €	8,50
4	GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U.	ACEPTADA	5.522,15 €	7,00
5	MARCONSA S.L.	ACEPTADA	6.311,03 €	8,00
6	NAROM S.L.	ACEPTADA	4.725,38 €	5,99
7	ORESA S.L.	ACEPTADA	10.413,20 €	13,20
8	VIAS Y SERVICIOS COMPOSTELA S.L.	ACEPTADA	6.382,03 €	8,09

Clasificación de orden:

	Clasificación de orden:	**Baixa ofertada**
1	**ORESA S.L.**	**10.413,20 €**
2	CONSTRUCCIONES FECHI	6.705,47 €
3	VIAS Y SERVICIOS COMPOSTELA S.L.	6.382,03 €
4	MARCONSA S.L.	6.311,03 €
5	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS S.L.	5.711,48 €
6	GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U.	5.522,15 €
7	NAROM S.L.	4.725,38 €

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 28/11/2022 14:40 | Páxina 3 de 4
1333-441 | CSV: A2A8B6-5424C4-5C5F3C-MADF64-VYQ21Y-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Vigo, na data de sinatura dixital

A Técnico de Xestión.- Ruth Gallego Santos
O Xefe da Área de Inversións.- José Ángel Otero Lamas

ASINADO POR: TECNICA DE XESTION - (RUTH MARIA GALLEGO SANTOS) 21/11/2022 12:03:16 | XEFE ÁREA INVERSIÓNS - (JOSÉ ÁNGEL OTERO LAMAS) 21/11/2022 14:37:15
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/11/2022 14:40	Páxina 4 de 4
1333-441	CSV: A2A8B6-5424C4-5C5F3C-MADF64-VYQ21Y-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		